

## O imperialismo romano no mundo poscolonial

ANA M.ª SUÁREZ PIÑEIRO<sup>1</sup>

Universidade de Santiago de Compostela

### RESUMEN

El imperialismo es un concepto político moderno que se ha aplicado tradicionalmente para explicar la expansión del Imperio Romano. El fin de los imperios coloniales europeos, en la segunda mitad del siglo XX, modifica bastante el panorama de la investigación del imperialismo romano y abre nuevas perspectivas para su estudio, muy prolífico en los últimos 30 años.

**Palabras clave:** Imperio Romano, imperialismo, romanización, postcolonial.

### ABSTRACT

Imperialism is a modern political concept, used to explain the expansion of the Roman Empire. The end of the European colonial empires, in the second half of the 20th century, changed the research on Roman imperialism and opened new perspectives of study. In fact, this issue has had an intense scholarly activity in the last 30 years.

**Keywords:** Roman Empire, imperialism, romanization, post-colonial.

### INTRODUCCIÓN

Jerry Toner<sup>2</sup> propuxo que o Imperio romano foi o primeiro imperio global. Sabemos que a “globalización” é un concepto novo, que nace hai pouco máis dunha década, pero

---

Recibido: 16-12-2010. Aceptado: 31-05-2011.

1 Dpto. de Historia I(USC). Membro do Grupo de Investigación Análise Territorial (ANTE) e do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (ANTE) da USC.

2 *Rethinking Roman History*, Cambridge, 2002, p. 14. E, recentemente, R. Hingley (*Globalizing Roman culture. Unity, diversity and empire*, New York, 2005) fala de novo de globalización da cultura romana, aínda que para salientar, precisamente, a súa diversidade.

esta non é máis que a última demostración de como as ideas actuais transforman a nosa visión do pasado. O imperialismo é, basicamente, un fenómeno do século XIX, pero, de igual xeito, aplicamos o concepto a épocas anteriores, e neste caso, con insistencia, para tratar e explicar a expansión do Imperio romano.

Aquí presentamos un estado da cuestión do complexo concepto do imperialismo romano poscolonial e cales son, ao noso xuízo, as mellores opcións de estudo que este ofrece na actualidade.

Vexamos primeiro que entendemos por imperialismo romano, como evolucionou o concepto e cales son as consecuencias que ten sobre el o cambio de ideas e valores que supón a fin do mundo colonial na segunda metade do século XX.

## IMPERIALISMO ROMANO: DEFINICIÓN

O termo imperialismo deriva de *imperare*, mandar, e de *imperium*, o exercicio de poder dese mando e, por extensión, a área territorial que tal mando implica. Non obstante, os romanos non posuían un vocábulo para o concepto moderno de imperialismo<sup>3</sup>.

De maneira tradicional, o imperialismo entendeuse coma un fenómeno da política internacional posterior á revolución industrial dos séculos XVIII e XIX, provocado polo modo de produción capitalista que levou á busca, auspiciada por varios gobernos, de novos territorios para a inversión capitalista. Desde este punto de vista sería anacrónico falar de imperialismo no mundo antigo romano, onde existía unha economía precapitalista eminentemente agraria: escasos produtos industriais que demandasen mercados e escaso capital dispoñible para investir (a maior parte do capital era reinvestido na terra).

Non obstante, partindo doutra consideración de imperialismo, propia do economista J. A. Schumpeter<sup>4</sup>, o imperialismo moderno dos grandes Estados sería a manifestación de estruturas sociais militarizadas e agresivas de tempos preindustriais. O imperialismo romano encaixaría mellor aquí, aínda que non sempre Roma se adapta á máquina de guerra de Schumpeter. De feito, o imperialismo republicano foi máis hexemónico que anexionador e durante o Imperio Roma preferiu manter o control máis que promover a expansión: parou a súa máquina de guerra cando deixaron de existir inimigos poderosos e ameazadores.

Hai quen tenta afinar máis o uso dado ao concepto de imperialismo na antiga Roma, caso de J. Webster, para quen se trata máis ben de colonialismo. Esta autora cre que o

3 Sobre a evolución do termo *imperium* cara a *Imperium Romanum*, ver o traballo de J.S. Richardson, "Empire and the Language of Power", *Journal of Roman Studies* 81 (1991), p. 1-9, que mostra como a extensión do termo, desde o simple exercicio do poder dun cargo, ata conquistar unha dimensión física determinada, coincide coa aparición de posuidores supremos do *imperium*, César e Augusto. Un traballo recente, imprescindible, é o de D.J. Mattingly: *Imperialism, Power, and Identity. Experiencing the Roman Empire*, Princeton, 2011, onde no primeiro capítulo se tenta seguir a transformación do *Imperium* en imperialismo, entendido como un complexo fenómeno prolongado no tempo.

4 J.A. Schumpeter, *Imperialism and Social Classes*, New York, 1951.

debate sobre o colonialismo no Imperio romano se converteu no debate sobre se Roma era imperialista no sentido que o termo adopta desde finais do s. XIX e considera que se pode aceptar imperialismo como dominación sistemática<sup>5</sup>. Outra opción, en clave marxista, suporía interpretalo como desenvolvemento do monopolo capitalista. As diferenzas entre Roma e o imperialismo occidental están claras no ámbito de explotación económica: a explotación económica sistematicamente administrada polo Estado das colonias occidentais non existiu en Roma.

Outros definen imperialismo como exercicio do poder porque, pese á abstracción, manexamos unha realidade: a relación do gobernante cos seus súbditos. Finley suxire seis formas nas que o poder pode ser exercido por un Estado sobre outro: restrición de liberdade, interferencia política, servizo obrigatorio, tributo, confiscación de terra ou emigración, e outras formas de explotación económica ou subordinación.<sup>6</sup>

Na historiografía, nun principio, o termo imperialismo tivo connotacións positivas, pero empezou a cambiar a situación tras a I Guerra Mundial para pasar a asumir unha carga claramente negativa como estrutura perniciosa, porque a nivel moral era xa inadmisíbel someter politicamente a outros. A oposición ao racismo entrou tamén en xogo. Debido a estas circunstancias, o emprego do concepto imperialismo romano implica e soporta unha importante carga ideolóxica.<sup>7</sup>

Hoxe en día pódese entender o imperialismo como unha relación de poder desigual entre dous Estados, na que o dominante exerce varias formas de control, a miúdo pola forza, sobre o Estado máis débil. E como se aplica esta idea ao mundo da Antiga Roma?

Primeiro deberíamos entender como contemplaban os romanos o crecemento do seu poder. O punto de partida clásico é a afirmación de Polibio de que Roma aspiraba a un imperio (1, 16, 39). Non obstante, dificilmente poderíamos esperar que os conquistadores contén en primeira persoa os motivos que os levaron a incrementar o seu dominio.

Tradicionalmente, moitos autores estudaron as motivacións da Roma imperial seguindo un paradigma “metrocéntrico”: explicar a expansión baseándose case en exclusividade nas estruturas do centro ou metrópole da propia sociedade romana, na particular disposición do Estado romano<sup>8</sup>. E, nun principio, entendeuse que un poder imperialista debía ter obxectivos e motivacións imperialistas.

Temas habituais do imperialismo romano eran, así, o exército e a Administración imperial, a relación entre os centros urbanos e os seus *hinterlands* rurais ou a civilización romana en xeral. Os estudosos vían a cidade antiga coma un medio para a dominación e o

5 J. Webster, “Roman imperialism and the ‘post imperial age’”, en J. Webster & N. Cooper, eds., *Roman Imperialism. Post-Colonial Perspectives*, Leicester, 1996, p. 1-17.

6 M.I. Finley, “The fifth century Athenian Empire: a balance sheet”, en P.D.A. Garnsey e C.R. Whittaker, eds., *Imperialism in the Ancient World*, Cambridge, 1978, p. 103-126.

7 C.B. Champion & A.M. Eckstein, en C.B. Champion, ed., *Roman Imperialism. Readings and Sources*, Oxford, 2004, p. 3.

8 Seguindo os modelos de imperialismo que M. Doyle establecera (*Empires*, New York, 1986): metrocéntrico, pericéntrico e sistémico.

control, coma un parasito explotador que se alimentaba da produción agrícola do campo circundante.

Webster sinala, como veremos máis adiante, que ao centrar a atención no imperialismo (na expansión romana e nas súas motivacións) se esquecen os aspectos do colonialismo, cos procesos hexemónicos mediante os cales o goberno colonial se mantén, e apenas se prestou atención ao punto de vista dos colonizados. Practicamente, a única estrutura actual aplicada á análise da interacción provincial é a romanización, un concepto tamén centrista.

No seu día Mommsen (*Römische Geschichte*, 1856) establecera que o expansionismo romano se debía a ameazas e presións externas: os romanos actuarían de maneira defensiva contra veciños agresivos e poderosos. Esta teoría callou e Tenney Frank, a principios do s. XX, expuxo a idea do imperialismo defensivo romano a partir dunha interpretación comprensiva e apoloxética da conquista romana<sup>9</sup>. Opuxéronse a ela autores italianos, encabezados por Gaetano De Sanctis (*Storia dei romani*, 1907), que defendían que Roma era un Estado militarista conducido por un desexo insaciable de poder. De feito, o imperialismo romano explícase, polo común, en clave do sistema político competitivo e da cultura militarista tradicional que animou a dominación e conquista exterior.

Comecemos vendo, pois, cales serían as auténticas motivacións expansionistas de Roma.

## AS MOTIVACIÓNS DO IMPERIALISMO ROMANO

En 1920 Maurice Holleaux<sup>10</sup> defendía xa que os romanos non perseguiran un imperio, senón que tanto a guerra como o Imperio lles foran impostos desde fóra por factores alleos que non controlaban, case por accidente. Esta explicación coñécese como o imperialismo accidental e callou en particular na historiografía inglesa, en autores como Cary<sup>11</sup>, Badian<sup>12</sup> ou Errington<sup>13</sup>.

Outra posibilidade, que acabamos de mencionar, consiste en entender o desexo de Roma de estender as súas fronteiras como un exercicio de autodefensa: o Imperio crecería unicamente baixo o estímulo das ameazas e provocacións do exterior. Nesta visión, Roma tampouco estaría envolta na construción dun imperio na procura de obxectivos propios, senón que chegaríamos á definición dun imperialismo defensivo, baseado na aparente inconsistencia da política exterior romana, na lentitude dos seus gobernantes e na súa resistencia a anexionar. Esta tese foi moi criticada e xurdiron voces que defendían motivacións claras por parte de Roma para emprender a súa expansión como a continuación veremos.

9 T. Frank, *Roman Imperialism*, New York, 1914 (versión electrónica: Batoche Books 2003).

10 *Rome, la Grèce et les monarchies hellénistiques au III<sup>e</sup> s. av. J.-C.* 273-205, Paris.

11 M. Cary, *A history of Roman down to the reign of Constantine*, London, 1935, p. 145, explicando a motivación romana da I Guerra Púnica.

12 E. Badian, *Studies in Greek and Roman history*, Oxford, 1964, referíndose á política romana en Iliria (p. 21).

13 R.M. Errington, *The dawn of empire: Rome's rise to world power*, London, 1971.

Harris, na súa coñecida obra *War and Imperialism in Republican Rome*, posiblemente a de maior influencia no último terzo do século XX sobre o auxe do poder romano, publicada en 1979, propuxo a imaxe dunha belicosa Roma. Esta perspectiva asume que a resposta ao fenómeno histórico do imperialismo romano se limita á sociedade romana e debe ser explicado por un exame preciso das institucións sociais militares e políticas de Roma. Ademais de Harris, diversos autores como Gruen, Rich, Brunt ou Mattern, entre outros, responden a esta pauta.

Harris reaccionaba, ademais, á infravaloración da motivación económica como principal factor da expansión e propoñía a necesidade crecente de riquezas, clientes e gloria froito da guerra<sup>14</sup>. Aínda que este autor estableceu que o obxectivo económico foi infravalorado como motivo para a expansión romana, el mesmo suxeriu tamén que o desexo de tales ganancias residía nos membros individuais da elite. E, neste sentido, nomes como Millett e Woolf<sup>15</sup> salientan que a explotación romana das provincias nin foi administrada desde o centro nin foi sistemática.

Seguindo esta liña de traballo, un número crecente de autores encontrou na guerra e na avaricia sinónimos de imperialismo<sup>16</sup>. Algúns, como Rich<sup>17</sup>, matizan a proposta de Harris porque entende que a belicosidade romana resulta nela demasiado simplista e a súa explicación do imperialismo romano monocausal. Por esta razón rexeita unha soa motivación de fondo e prefire indagar en tres áreas: medo e desconfianza ante competidores poderosos, desexo de botín e ganancia económica e as nocións da aristocracia romana de gloria militar tanto para o xeneral a nivel individual como para o Estado. Rich insiste xa na complexidade do fenómeno do imperialismo.

Pola súa parte, Gruen<sup>18</sup> reconece que as vitorias militares supuxeron beneficios materiais tanxibles e que a perspectiva de enriquecemento podía estimular o recrutamento, pero mantén que tales motivacións non eran cruciais nas deliberacións senatoriais de facer a guerra. Na súa opinión, o Tesouro e a economía do Estado non dependían do botín doutros Estados. O Senado guiaríase, máis ben, ao seu entender, por consideracións máis políticas que financeiras. Trataríase, ante todo, de manter e preservar unha orde internacional estable, a fidelidade dos aliados e o honor internacional de Roma e a súa reputación.

- 
- 14 W.V. Harris, "On War and Greed in the Second Century BC", *American Historical Review* 76, nº2 (December 1971), p. 1371-85. Continuou parte dos aspectos aquí expostos noutros traballos como na reedición de *War and Imperialism in Republican Rome, 327-70 BC*, Oxford, 2000.
  - 15 M. Millett, *The Romanization of Britain: An essay in archaeological interpretation*. Cambridge, 1990; G. Woolf, "World Systems Analysis and the Roman Empire", *Journal of Roman Archaeology* 3 (1990), p. 44-58.
  - 16 Entre eles, cabe salientar a achega de L. Perelli, *Imperialismo, capitalismo e rivoluzione culturale nella prima metà del II secolo a.C.*, I, Torino, 1975, p. 130-153.
  - 17 J. Rich, "Fear, Greed, and Glory: The Causes of Roman War Making in the Middle Republic", en J. Rich & Graham Shipley, eds., *War and Society in the Roman World*, London, 1995, p. 38-68.
  - 18 E.S. Gruen, "Material Rewards and the Drive for Empire", en W.V. Harris, ed., *Imperialism of Mid-Republican Rome*, Roma, 1984, p. 59-82.

Deixando á parte as motivacións económicas, outros estudosos indagan no ámbito das ideoloxías, xustificacións e racionalizacións que os romanos construíron para lexitimar o dominio imperial. Brunt<sup>19</sup> prefire a tradición militarista da vella Roma e discute algunhas ideoloxías do imperio: a gloria da expansión, a predestinación do Imperio, a idea dun imperio romano que abarcase o mundo enteiro, a teoría romana da guerra xusta (*bellum iustum*) ou as nocións de clemencia e xustiza. Para este autor, cando todas as xustificacións desaparecen, a doutrina do poder é a que permanece. Explora o concepto de imperio en tempos de Cicerón, poñendo a énfase en que sempre corremos o risco de interpretar as accións dos antigos dunha maneira demasiado moderna. Ao seu entender, parece que aos romanos lles gustaba crer que adquiriran os seus dominios de maneira xusta, loitando pola súa propia seguridade ou pola protección dos seus aliados. A vitoria conferíalles o dereito de gobernar sobre os conquistados. En boa medida, este pensamento partiría de Tucídides e da súa visión sobre o imperialismo ateniense: os atenienses foran encamiñados a adquirir o seu imperio por consideración da súa seguridade, proveito e prestixio (1,76). Para os romanos a gloria do seu imperio sería incluso maior porque chegaron a pensar que era xusto posuír o mundo enteiro, na identificación que acabaron facendo de *urbs* e *orbis*. Incluso, o seu dominio respondería a unha orde dos deuses, cuxo favor Roma merecera por piedade e xustiza, e que era exercido en interese dos seus súbditos.

Así mesmo, Badian establecera en varios traballos tamén moi influentes que as ideas de Roma de gloria, virtude, honor e dominio hexemónico sobre Estados máis débeis eran moitísimo máis importantes que o factor económico para entender o imperialismo romano. Este autor insiste en que a partir do ano 200 a.C. Roma estaba determinada a dominar todo aquel territorio que alcanzase, practicando un imperialismo hexemónico, aínda que a clase gobernante fose remisa a recorrer á anexión porque se decatara de que un incremento excesivo do territorio podería non ser facilmente administrado<sup>20</sup>.

Tamén Richardson lembra que o Imperio romano foi organizado como tal desde o primeiro momento polo poder político; na súa opinión, os intereses económicos, aínda sendo significativos, terían sido secundarios ante os políticos ou militares<sup>21</sup>.

Seguindo esta liña interpretativa chégase, como indica P. Veyne, á crenza nunha expansión sen límites: o deber dos romanos de protexer os seus aliados levaríaa a guerras con pobos de fóra da súa órbita; a vitoria convertía estes pobos en súbditos de Roma. Por esta razón, os límites da *orbis terrarum* na que Roma reclamaba o seu dominio avanzaban continuamente. A mera existencia dun poder independente sería vista por Roma coma unha ameaza potencial para a súa seguridade<sup>22</sup>.

19 P.A. Brunt, "Laus Imperii", en P.D.A. Garnsey & C.R. Whittaker, eds., *Imperialism in the Ancient World*, Cambridge, 1978, p. 162-178, 183-191, 320-330.

20 E. Badian, *Roman imperialism in the late Republic*, Oxford, 1968, p. 9 ss.

21 "Empire and the Language of Power", *Journal of Roman Studies* 81 (1991), p. 4.

22 P. Veyne, "Y a-t-il eu un imperialisme romain?", *Mélanges de l'École Française de Rome* 87 (1975), p. 793-855.

Na mesma corrente de opinión sitúase Mattern<sup>23</sup>, quen suxire que as relacións internacionais para os romanos non eran tanto un complexo xeopolítico xogo de xadrez como unha competición de status, cuxa manifestación de superioridade se reflectía na agresividade sobre o opoñente. A imaxe ou o honor nacional emerxe entón como o principal obxectivo político. Máis que a gloria ou a avaricia, que poderían ter funcionado, resultan máis plausibles como factores de guerra a motivación de vinganza ou a necesidade de impoñer o honor e a maxestade de Roma.

Como establece V. Nutton<sup>24</sup>, as explicacións e xustificacións tradicionais de Roma da súa supremacía en termos morais ou teolóxicos de *fortuna*, *constantia*, *fides*, etc., malia que aceptadas en certa medida polos gregos, non figuran de forma destacada nos seus escritos, e temos poucos medios para probar a efectividade da propaganda que destacaba a *providentia*, a *liberalitas* ou virtudes similares do emperador.

De feito, os romanos buscaron as súas propias xustificacións, ante aliados e amigos, como indica P. de Souza<sup>25</sup>: a supresión da piratería e bandidaxe foi empregada como xustificación do expansionismo da tardía República. A revisión desta idea depende tamén da reformulación do imperialismo moderno por parte de autores europeos, posto que a piratería será tamén empregada como motivación polos imperialismos occidentais.

## O NOVO IMPERIALISMO POSCOLONIAL

Como recorda J. Webster<sup>26</sup>, o pensamento poscolonial non é simplemente anticolonial. Máis ben, é unha exploración da política cultural colonial cuxo principal elemento é a crítica dos procesos polos cales se produciu o coñecemento “dos outros”. Desde esta perspectiva, trataríase de escribir unha nova historia. Por outra banda, os discursos coloniais do mundo romano son distintos aos doutros contextos imperiais porque as condicións históricas difiren. Partindo desta premisa, a deconstrución poscolonial do discurso romano debería de contribuír a unha nova determinación das condicións históricas do imperialismo romano.

As teorías poscoloniais non conforman un corpo homoxéneo. Pártese da idea común de rexeitar a dominación do centro para, desta maneira, articular a historia das marxes, e, en certa medida, descubrir a periferia. Así aparecen novos temas como a resistencia; a deconstrución dos modelos binarios a través dos cales Occidente ten clasificado os seus

23 S. Mattern, *Rome and the Enemy: Imperial Strategy in the Principate*, Berkeley & Los Angeles, 1999, p. 194-210.

24 V. Nutton, “The beneficial ideology” en P.D.A. Garnsey & C.R. Wittaker, eds., *Imperialism in the Ancient World*, Cambridge, 1978 (2006).

25 P. de Souza, “They are the enemies of all mankind: justifying Roman imperialism in the Late Republic”, en J. Webster & N. Cooper, eds., *Roman Imperialism. Post-Colonial Perspectives*, Leicester, 1996, p. 125-133.

26 “Roman imperialism and the Roman Empire”, en J. Webster & N. Cooper, eds., *Roman Imperialism. Post-Colonial Perspectives*, Leicester, 1996, p. 6 ss.

outros: outros/metrópole ou centro/periferia. Desta forma conséguese que as marxas se sitúen no centro. Tamén se procede á crítica do imperialismo de representación: isto é, a relación entre o poder e o coñecemento na produción do outro colonial. Desenvólvese a partir de aquí a investigación da representación do poder en imaxes e nas linguaxes coloniais. Neste ámbito das representacións coloniais, varios autores propoñen considerar as fontes históricas clásicas sobre a conquista como literatura de conquista e colonización.<sup>27</sup>

Desde as perspectivas poscoloniais cuestiónase cada vez máis a utilidade da noción de romanización para entender o cambio social operado nas provincias. Os intentos por descentralizar os ámbitos de traballo, tanto desde o punto de vista dos pobos nativos como dos membros do poder colonial, demostraron a primacía outorgada no discurso colonial ás visións dos poderes imperiais dominantes.

Gran parte das propostas modernas ortodoxas posteriores a Gibbon foron elaboradas por historiadores alemáns, con Mommsen á cabeza. No ámbito anglosaxón, o debate foi articulado durante máis de medio século por Haverfield e o seu estudo da romanización en Britania. Ata o revisionismo dos anos 1970 pode dicirse que a estrutura proposta por este autor domina os enfoques aplicados ao estudo da romanización. Ata entón, en Britania as implicacións arqueolóxicas da conquista eran vistas basicamente en termos militares. O obxectivo prioritario foi escavar fortíns dos muros de Hadriano e máis ou menos o mesmo ocorreu nas fronteiras xermanas. Agora hai unha tendencia crecente a propoñer as cuestións de estudo na fronteira a partir da relación entre romanos e nativos.

Nos estudos do Imperio Romano, a perspectiva dominante sobre romanización deriva do traballo de Haverfield, pero inclúe a de Millett: suxírese un proceso de ilustración/progreso, polo cal os individuos da elite demostraron as vantaxes das novas formas de vida á súas familias, clientes ou escravos e permitiron ou animaron o cambio voluntario na súa forma de vida. Esta visión supón a existencia dun contexto no que cada sociedade –desde o primeiro ao último– ten un interese igual en manter de maneira activa o Imperio. Os cambios na cultura material son considerados direccionais e resultado do desexo de parte dos provinciais de converterse en romanos.

Aínda que nos últimos anos creceu de forma clara o recoñecemento da romanización como un proceso de dúas vías (particularmente desde que Slofstra pediu unha aproximación antropolóxica ao concepto, entendido como aculturación en 1983<sup>28</sup>), o proceso aínda é visto, en esencia, como unha adopción homoxénea da cultura romana pola poboación indíxena. Ademais, este termo leva á xeneralización, como se fose un proceso único e estandarizado máis que un fenómeno experimentado en miles de formas.

27 Por exemplo, J. Webster intenta deconstruír o retrato greco-romano das sociedades de guerreiros célticos, froito de dous tópicos do discurso colonial: o barbarismo e o primitivo eterno. "Ethnographic barbarity: colonial discourse and 'Celtic warrior societies'", en J. Webster & N. Cooper, eds., *Roman Imperialism. Post-Colonial Perspectives*, Leicester, 1996, p. 111-123.

28 "An anthropological approach to the study of Romanization processes", en R. Brandt e J. Slofstra, eds., *Roman and Native in the Low Countries. Spheres of interaction*, Oxford, 1983, p. 71-104.



Dentro dos estudos da periferia, destacan, polo seu carácter innovador e pola súa intensidade, os traballos desenvolvidos no Reino Unido e no norte de África. Neste contexto, a prioridade vai ser situar os pobos indíxenas nas redes de poder e discurso colonial que as une con Roma e intentar entender o preludio, proceso e resultados das súas complexas negociacións co poder imperial.

En particular, nos estudos da Britania romana sobresaen as achegas realizadas por R. Hingley. Este autor sinala os avances practicados nos últimos 70 anos, concretamente baixo a influencia recente dunha nova xeración de autores educados durante e despois do declive do Imperio Británico. A romanización xa non se vía coma unha forma de progreso moral ou social, senón á luz do desenvolvemento ou aculturación polo cal a sociedade indíxena adoptaba a cultura romana (Millett, Jones, Woolf ou Hanson<sup>29</sup>): aceptábase que as sociedades indíxenas adoptaron novas ideas e fixeron uso delas baixo circunstancias cambiantes. Este mesmo autor non está de acordo co concepto de emulación desde a elite<sup>30</sup>; esa visión, segundo el, é froito dunha era colonial. Hingley defende que a teoría poscolonial ofrece unha estrutura para unha nova comprensión da romanización e presta particular atención neste contexto a tres aspectos da análise: a descentralización das formas dominantes de coñecemento, o recoñecemento da complexidade e variedade de respostas ao contacto colonial e a énfase na oposición aberta ou encuberta.

O modelo dominante aínda suxire que durante o proceso de cambio a sociedade nativa foi moi pasiva: as ideas e os bens romanos foron adquiridos ou imitados porque eran vitais para os individuos para a creación ou mantemento do seu status real ou imaxinado mediante a emulación do grande ou do bo. En moitas ocasións xustificouse a adopción de pezas romanas por parte das comunidades indíxenas debido a súa superioridade tecnolóxica. Desta maneira ignoraríase, ao seu entender, o papel da propia sociedade nativa á hora de definir funcións, valores ou papeis atribuídos ás súas posesións.

N. Cooper<sup>31</sup>, pola contra, sinala as aplicacións sociais da cultura material romanizada a partir, en concreto, do emprego da cerámica na Britania tardo-romana. Establece que antes e despois da conquista a viabilidade e a conveniencia serían máis importantes para a adopción de bens de estilo romano que calquera lealdade ao simbolismo social romano.

Por outra parte, tamén se fai fincapé na complexidade da resposta e na oposición xerada. Algúns traballos recentes de teoría sociolóxica, antropolóxica e arqueolóxica pro-

---

29 M. Millett, *The Romanization of Britain: An essay in archaeological interpretation*. Cambridge, 1990; R. Jones, "Cultural change in Roman Britain", in R. Jones, ed., *Roman Britain: recent trends*, Sheffield, 1991, p. 115-120; G. Woolf, The unity and diversity of Romanization", *Journal of Roman Archaeology* 5 (1992), pp. 349-352; W.S. Hanson, "Dealing with barbarians: the romanization of Britain", en B. Vynner, ed., *Building on the Past: papers celebrating 150 years of the Royal Archaeological Institute*, London, 1994, p. 149-163.

30 Desenvolvido de maneira fundamental por M. Millett, *The Romanization of Britain. An essay on archaeological interpretation*, Cambridge, 1990.

31 N.J. Cooper, "Searching for the blank generation: consumer choice in Roman and post-Roman Britain", en J. Webster & N. Cooper, eds., *Roman Imperialism: Pos-Colonial Perspectives*, Leicester, 1996, p. 85-98.

poñen que o proceso de cambio en moitas sociedades é moito máis complexo que o que os modelos existentes para a romanización suxiren. Os estudosos usualmente din que unha vez que as novas provincias foron conquistadas e pacificadas a oposición ao control romano foi rara e menor. Certamente, esta é a imaxe maioritaria que as fontes nos legaron, pero non temos a opinión da outra parte, dos sometidos. Neste sentido, os métodos tradicionais para recoller e analizar artefactos están baseados na asunción de que estilos similares corresponden á mesma época. Pártese da crenza de que hai unha imaxe estándar romana, cando cada vez máis voces insisten en que non houbo unha cultura material romana unificada<sup>32</sup>. Ademais, elementos romanos poden diferir en natureza, contexto ou significado ao longo do Imperio.

Por outra banda, a arqueoloxía centrouse, ademais, nas elites e esqueceu boa parte da poboación. O proceso de emulación (a partir desas elites), así como de oposición sería moito máis complexo do que tradicionalmente se estimaba. Por esta razón, Hingley reclama modelos menos deterministas de cambio na sociedade e na cultura material no caso que el estuda, o da cultura britano-romana, porque non podemos esperar que toda a poboación nativa reaccionase igual ante a conquista. Este autor insiste, tamén, en que debemos liberarnos da asunción de que a cultura material foi tecnoloxicamente superior á cultura material en uso antes da conquista. Novos conceptos e novos obxectos poden ter sido en certas situacións máis convenientes, máis poderosos ou accesibles, pero os individuos dunha sociedade puideron ter a habilidade de resistir a algunhas representacións de superioridade. O cambio non ten que ter sido necesariamente nin simple nin direccional<sup>33</sup>.

Na mesma liña sitúase Simon Clarke<sup>34</sup>, para quen con demasiada frecuencia no pasado a adopción de elementos da cultura romana foi equiparado de modo bastante acrítico con progreso e coa emerxencia dunha sociedade máis civilizada. Por exemplo, a presenza notable de cidades e *villae* no sur e leste de Britania foi presentada como evidencia para un grao de cambio social non experimentado no norte e oeste da mesma rexión. Esta visión só ten en conta a elite terratenente e establece que coa cultura material romana chegan construtos sociais romanos. O carácter e a distribución de asentamentos no *hinterland* de Gloucester (*Glevum*) e Cirencester (*Corinium*) contradí, segundo Clarke, estes presupostos. Este autor demostra que algúns grupos encontraron vías para expresar o éxito e o status sen depender só de obxectos de luxo. Máis que aceptar que as iconas culturais da elite posterior á conquista foron algo intrinsecamente bo, na súa opinión hai que tentar entender as implicacións económicas e culturais desas iconas. Os modelos

32 Unha opinión contundente, neste sentido, é a de P. Freeman, “‘Romanization’ and Roman material culture. Review of M. Millett’s *The Romanization of Roman Britain. An essay in archaeological interpretation*. (Cambridge 1990)”. *Journal of Roman Archaeology* 6 (1993), p. 438-445.

33 R. Hingley, “The ‘legacy’ of Rome: the rise, decline, and fall of the theory of Romanization”, en J. Webster & N. Cooper, eds., *Roman Imperialism: Post-Colonial Perspectives*, Leicester, 1996, p. 49-69.

34 “Acculturation and continuity: re-assessing the significance of romanization in the hinterlands of Gloucester and Cirencester”, en J. Webster & N. Cooper, eds., *Roman Imperialism: Post-Colonial Perspectives*, Leicester, 1996, p. 71-84.

tradicional de romanización anticipan un declive na intensidade do impacto cultural romano á medida que a distancia crece desde o centro. Hoxe admítase que este modelo tan simplista non serve. Hai que preguntarse por que e como se viron afectadas as culturas, máis que simplemente aceptar que o cambio cultural foi o resultado natural do contacto. Alston<sup>35</sup> considera que este elevado nivel de contradición deriva da historiografía e da aplicación demasiado estrita de modelos de explicación para o cambio cultural tomados, precisamente, da experiencia imperialista europea.

Enfocando a romanización a partir do control e da resistencia entre Roma e os seus súbditos, Hanson sorprende adoptando a visión do Estado, para defender unha forma máis proactiva de imperialismo do que habitualmente se admite. Argumenta, así, este autor non só un nivel considerable de interferencia administrativa na sociedade tradicional, senón tamén unha política de romanización<sup>36</sup>.

Pola contra, MacMullen<sup>37</sup>, fóra xa do Reino Unido, aborda a cuestión da réplica da cultura romana en Italia. Rexeita calquera presión por parte de Roma como metrópole sobre os provinciais. Non habería, segundo el, un programa cultural romano. A civilización exterior sería asumida ou abrazada: lingua, vestimenta, formas de ocio, ritual funerario, maioritariamente a través de formas de everxetismo das elites locais, en forma de préstamos. Estes préstamos poderían parecer mellores ou ser vistos como medio para obter futuros beneficios.

Mentres, Woolf<sup>38</sup>, na Galia romana, debuxa un cadro moito máis complexo de relacións no proceso de romanización. As elites locais abrazarían a cultura romana como un medio para alcanzar poder e privilexios, pero este proceso iría máis aló da simple emulación. Converterse en romano crearía unhas xerarquías sociais e culturais e unha estratificación que servía para distanciar os propios galos entre si.

Como dicíamos anteriormente, outra rexión onde os estudos sobre a romanización veñen sendo moi prolíficos é no norte de África. Aquí, Mattingly<sup>39</sup> intenta demostrar como as teorías do colonialismo moderno e antigo se mesturaron e afectaron ao desenvol-

---

35 Como unha vía posible de estudo propón o exame das actitudes romanas cara aos pobos conquistados e ás súas culturas por medio do contraste de textos clásicos sobre a provincia de Exipto, de Plutarco (sobre temas de relixión) e Xuvenal (sobre a cuestión da violencia). “Conquest by text: Juvenal and Plutarch on Egypt”, en J. Webster & N. Cooper, eds., *Roman Imperialism: Post-Colonial Perspectives*, Leicester, 1996, p. 99-109.

36 W.S. Hanson, “Forces of change and methods of control”, en D.J. Mattingly, ed., *Dialogues in Roman Imperialism*, Rhode Island, 1997, p. 67-80.

37 R. MacMullen, *Romanization in the Time of Augustus*, Yale, 2000, p. 124-137; 174-177.

38 G. Woolf, *Becoming Roman: The Origins of Provincial Civilization in Gaul*, Cambridge, 1998, p. 238-249.

39 D.J. Mattingly, “From one colonialism to another: imperialism and the Maghreb”, en J. Webster & N. Cooper, eds., *Roman Imperialism: Post-Colonial Perspectives*, Leicester, 1996, p. 49-69. E, de novo, sobre o mesmo tema: D.J. Mattingly, *Imperialism, Power, and Identity*, Princeton, 2011, p. 45 ss. Este autor conclúe reclamando que a arqueoloxía tradicional galo-romano ou britano-romana aplique algo do escepticismo norteafricano á hora de avaliar os efectos da conquista e do goberno romanos sobre as comunidades dominadas (p. 71).

vemento da arqueoloxía romana nos países independentes do Magreb. Déronse así dúas actitudes poscoloniais: resistencia e nacionalismo. O contragolpe poscolonial aos estereotipos centrouse en establecer que as revoltas non se deberan só á belicosidade nativa, senón que formaran parte dunha resistencia cultural concertada e militarmente infatigable, similar aos movementos de liberación e nacionalistas do século XX.

Neste contexto, o máis sofisticado defensor da tese da resistencia fora M. Bénabou.<sup>40</sup> Na súa opinión nas preferencias relixiosas, no mantemento das linguas ou incluso na elección de nomes para adquirir a cidadanía romana, os africano-romanos elixiron demostrar o seu carácter africano, así como a súa resistencia pasiva ao poder exterior. Bénabou, unha autoridade para os autores africanos, foi moi criticado na historiografía europea, aducindo que o que el chama resistencia sería simplemente a variación natural que apreciamos na romanización en cada provincia coa asimilación da cultura local.

Non obstante, esta visión da resistencia sería un anacronismo na opinión doutros autores. Neste sentido, Mattingly lembra que a fase romana na historia do Magreb debe ser restablecida como unha parte importante da herdanza cultural da rexión, non só coma un *leitmotiv* para a resistencia nacionalista. De feito, este autor, indica como o traballo prosopográfico sobre o vasto corpus de inscricións, en especial o estudo de nomes persoais, estableceu que o groso da poboación romana (civil ou militar) era de orixe africana. Os estudos sobre relixión demostraron que o culto a Saturno, tremendamente popular, foi unha continuación do prerromano Baal Hammon e que numerosas deidades púnicas e africanas gozaron de longa vida coa aparencia romana. A arquitectura privada e pública tamén revela influencias de corte púnico que permanecen con Roma. Incluso a tecnoloxía hidráulica, que sempre se sostivo de introdución romana, pode ser vista como parte dunha vella tradición indíxena.

Outra debilidade estrutural dos estudos sobre o imperialismo romano, posta de manifesto nas últimas décadas, procede dos estudos das fronteiras romanas e do exército imperial. O estudo da fronteira romana foi intenso nos últimos tempos. O traballo de Luttwak<sup>41</sup> sobre a existencia dunha grande estratexia do Imperio romano supuxo un estímulo nesta área, aínda que tamén se levantaron voces en contra. Por exemplo, Isaac<sup>42</sup> opónse a esta proposta e fai unha das obxeccións máis graves á idea dunha grande estratexia: cuestiona que os romanos tivesen unha idea clara de que límites garantirían a seguridade do Imperio. Para el, contar con límites seguros non era unha preocupación prioritaria na política fronteiriza e a estratexia xeral sería unha quimera contemporánea, anacrónica.

O interese neste ámbito centrouse nas manifestacións físicas das fronteiras no rexistro arqueolóxico, moito máis que no seu significado social, e o mesmo ocorreu co exército. Por esta razón, diferentes autores piden nos últimos anos máis atención na maneira

---

40 M. Bénabou, *La résistance africaine à la romanisation*, Paris, 1976.

41 E.N. Luttwak, *The Grand Strategy of the Roman Empire: from the first Century AD to the Third*, Baltimore, 1976, p. 1-15.

42 B. Isaac, "Frontier Policy: Grand Strategy", en *The Limits of Empire: The Roman Army in the East*, Oxford, 1990, p. 377-387.

na que o exército interactuou cos pobos sometidos nas zonas fronteirizas. Jones recorda como os estudos das estruturas militares de fronteira limitaron a realización de traballos socioeconómicos sobre o seu impacto rexional. Houbo unha percepción dominante: os romanos sempre gañan e a tentación foi escribir só sobre os vencedores<sup>43</sup>.

Hoxe en día, as tendencias máis actuais optan por explorar outra vía de estudo, a identidade ou identidades. Mattingly, por exemplo, busca esas identidades rastrexando na cultura material os efectos e consecuencias dos esforzos de Imperio por explotar economicamente os seus súbditos. O amplo espectro de prácticas e estruturas socioeconómicas incluídas na economía romana implicarían que a experiencia individual fose extremadamente variada. Por esta razón, este autor pon a énfase na diversidade e na complexidade das respostas condicionada por factores sociais distintos, diferenzas xeográficas ou diferenzas históricas ou institucionais. E conclúe que os diversos modelos de conduta económica que se poden recoñecer no rexistro arqueolóxico representan, en parte polo menos, a emerxencia de identidades económicas distintas<sup>44</sup>. Do mesmo xeito, moi recentemente, Revell relaciona as identidades locais co tema que nos ocupa, o imperialismo romano. A perspectiva que propón é explorar a identidade social, esquecendo o cambio cultural operado nas provincias ou o significado de converterse en romano, e buscando, pola contra, que significa ser, vivir ou actuar a diario como romano. Esta procura supón a deconstrución do termo romano para utilizalo nun sentido moi amplo e tamén propón substituír o termo *Romanitas* polo de *Roman-ness*. As fontes ás que aplicar a súa hipótese son os edificios públicos urbanos, coas inscricións e imaxes que os adornan, e o culto imperial e a relixión. Deste xeito concibe o imperialismo como unha dialéctica na cal os dous lados desenvolveron o seu papel: as autoridades administrativas mediante a promoción do urbanismo ou a supresión de prácticas relixiosas inaceptables, e os habitantes da provincia mediante a súa participación no estilo de vida urbano ou o culto imperial. Para esta autora a identidade romana compartida que se percibe nestas construcións foi moito máis que un fenómeno elitista, porque a comunidade urbana podía participar tanto en actos formais como informais de nova índole. E cada participante creaba a súa experiencia particular dunha identidade compartida (superando deste xeito o modelo tradicional da romanización dirixida pola elite e do proceso de emulación da non elite). Revell conclúe que para a xente das provincias a súa identidade romana residiría no seu coñecemento práctico de como actuar nun contexto social cambiante. Neste sentido, admite a enorme diversidade ao non haber un paradigma de identidade romana e, precisamente, esta variabilidade depende da cultura anterior á conquista e das traxectorias históricas das comunidades. Deste xeito, Revell propón unha nova aproximación á romanización cortando vellos debates

43 G.D.B. Jones, "From Brittunculi to Wounded Knee: a study in the development of ideas", en D.J. Mattingly, ed., *Dialogues in Roman Imperialism*, Rhode Island, 1997, p. 185 ss.

44 D.J. Mattingly, *Imperialism, Power, and Identity*, Princeton, 2011, p. 125 ss. Neste sentido coincide coa proposta de E.W.B. Fentress de reformular a romanización de África a partir da apreciación dos efectos económicos do Imperio e do proceso que seguiu os intentos de Roma por mobilizar o potencial económico dos seus territorios ("Romanizing the Berbers", *Past and Present* 190 (2006), p. 3-33).

como a imposición da cultura romana ou a resistencia ao goberno de Roma. A clave estaría nos encontros diarios, nas experiencias cotiás das xentes das comunidades incluídas no territorio de Roma.<sup>45</sup>

Unha última achega da arqueoloxía poscolonial abre a porta ás formas híbridas. Por citar só traballos dedicados á Península Ibérica, salientamos un estudo de Vives-Fernández sobre os encontros coloniais dos fenicios na costa oriental no período ibérico, no cal se interpretan estes encontros en termos de hibridación que afecta ás prácticas sociais tanto materiais como inmateriais<sup>46</sup>. E, do mesmo xeito, Jiménez Díez estuda as necrópoles da Bética (Baelo Claudia ou Castulo) considerando os materiais recuperados como expresións de procesos de intenso hibridismo<sup>47</sup>.

## CONCLUSIÓN

Chegados a este punto, como podería continuar o debate sobre o imperialismo romano a partir da influencia do pensamento poscolonial? Algúns aspectos nos estudos recentes están sendo explorados máis alá da imaxe positiva e tradicional do imperialismo romano: o impacto negativo do Imperio; a resistencia; a romanización e a asimilación cultural; a fronteira, a partir da relación entre romanos e nativos; os sistemas de valores e a cultura da sociedade indíxena; as paisaxes do imperialismo; as relacións entre arte e imperialismo, etc.

A teoría poscolonial consiste basicamente en discutir sobre os tipos de formas culturais e de identidades creados a partir dos encontros coloniais. Esta perspectiva rexeita a imposición de calquera esencialismo na cultura<sup>48</sup>. O clixé tradicional entendía o colonialismo a partir dunha visión estática e monolítica da cultura e das ocupacións coloniais. Non obstante, as novas perspectivas descubren a natureza híbrida da cultura colonial, o que significa que todos (colonizadores e colonizados) participan nesa cultura.

Cincuenta anos despois da caída dos imperios europeos xorden novos enfoques e temas para abordar a historia da Antiga Roma. Agora podemos estudar unha diversidade de pobos colonizados a través do filtro de dous discursos imperialistas: o de Roma e o da historia imperial europea. Deconstruíndo estes discursos vemos como cada vez máis autores comezan a escribir unha nova historia das provincias romanas. Algúns optan por

45 L. Revell, *Roman Imperialisms and local Identities*, Cambridge, 2009.

46 J. Vives-Fernández, *Negociando encuentros. Situaciones coloniales e intercambios en la costa oriental de la Península Ibérica (ss. VIII-VI a. C.)*, Barcelona, 2005.

47 A. Jiménez Díez, *Imágenes Híbridae. Una aproximación postcolonialista al estudio de las necrópolis de la Bética*, Madrid, 2008. O mesmo interese polos monumentos funerarios como reflexos de identidade amosou, por exemplo, D.L. Stone: "Burial, identity and local cultures in North Africa", en P. van Dommelen e N. Terrenato, eds., *Articulating Local Cultures: Power and Identity under the expanding Roman Republic*, Portsmouth-Rode Island, 2007, p. 127-144.

48 C. Gosden, "Postcolonial archaeology: Issues of Culture, identity, and Knowledge", en I. Hodder, ed., *Archaeological Theory Today*, 2001, Cambridge, p. 241-261.

desbotar o emprego do termo “romanización”, ao entender que supón un obstáculo para avanzar no debate académico<sup>49</sup> e gañan terreo outras opcións como a de “identidade”<sup>50</sup>. Desde diversas aproximacións (Woolf, Hingley, Webster, Mattingly, etc.) con maior determinación admítase a existencia de diversas identidades provinciais como froito e expresión, precisamente, do imperialismo romano e do complexo proceso que seguimos chamando romanización. Tamén se reclama xa ir máis aló de conceptos como resistencia, superándoos como parte da dialéctica colonial. A presenza e persistencia de elementos propios das comunidades provinciais non representa necesariamente hostilidade ou rexeitamento dos valores romanos, senón que pode verse como un medio para proxectar identidades autóctonas<sup>51</sup>.

En xeral, as concepcións poscoloniais permitiron poñer o acento nas culturas locais fronte á interpretación tradicional do imperialismo romano asociado á romanización como proceso uniforme. Pola contra, hoxe a atención céntrase en moitos casos na diversidade cultural das comunidades prerromanas, así como no papel que as tradicións culturais e os habitantes locais desenvolveron na adopción das tradicións romanas<sup>52</sup>.

Como acabamos de ver, moitas son as vías de estudo, pero a finalidade é a mesma: explicar o proceso a través do cal unha comunidade adopta formas, materiais, valores ou institucións propios dos romanos. É obvio considerar non só o papel desenvolvido neste

- 
- 49 D.J. Mattingly, *Imperialism, Power, and Identity*, Princeton, 2011, p. 271. Unha revisión do debate contemporáneo sobre romanización en perspectiva poscolonial pode verse en A. Jiménez Díez, *Imágenes Híbridae. Una aproximación postcolonialista al estudio de las necrópolis de la Bética*, Madrid, 2008, p. 37 ss.
- 50 Ampliase o ámbito de estudo e búscanse xa identidades na paisaxe (M. Sterry, “Searching for Identity in Italian Landscapes”, en C. Fenwick, M. Wiggins, D. Wyhte, eds., *Proceedings of the Seventeenth Annual Theoretical Roman Archaeology Conference London 2007*, Oxford, 2008, p. 31-43) ou na fronteira (R. Collins, “Identity in the Frontier: Theory and Multiple Community Interfacing”, en C. Fenwick, M. Wiggins, D. Wyhte, eds., *Proceedings of the Seventeenth Annual Theoretical Roman Archaeology Conference London 2007*, Oxford, 2008, p. 45-61).
- 51 Estes elementos malinterpretados como “resistentes” pódense atopar nas formas artísticas: P. Noelke, ed., *Romanisation und Resistenz in Plastik, Architektur und Inschriften der Provinzen des Imperium Romanum. Neue Funde und Forschungen*, Köln, 2003. Pola súa banda, P. van Dommelen rexeita a visión tradicional da resistencia dos sardos nos séculos III e II a. C.: “Beyond resistance: Roman power and local traditions in Punic Sardinia”, en P. van Dommelen e N. Terrenato, eds., *Articulating Local Cultures: Power and Identity under the expanding Roman Republic*, P. van Dommelen e N. Terrenato, eds., Portsmouth-Rode Island, 2007, p. 55-69. E, xa no ámbito da Península Ibérica, na mesma liña pódese citar o traballo de A. Jiménez, “A Critical Approach to the Concept of resistance: new ‘tradicional’ Rituals and Objects in Funerary Context of Roman Baetica”, *Proceedings of the Seventeenth Annual Theoretical Roman Archaeology Conference London 2007*, C. Fenwick, M. Wiggins, D. Wyhte, eds., Oxford, 2008, p. 15-30.
- 52 P. van Dommelen e N. Terrenato, “Introduction: local cultures and the expanding Roman Republic”, en P. van Dommelen e N. Terrenato, eds., *Articulating Local Cultures: Power and Identity under the expanding Roman Republic*, Portsmouth-Rode Island, 2007, p. 7-12. Nesta mesma obra colectiva outras colaboracións afondan na análise das estruturas sociais indíxenas en diversas rexións (D. L. Stone no norte de África: “Burial, identity and local cultures in North Africa”, p. 127-144; ou V. M. Guerrero, M. Calvo, B. Salvà, nas Illas Baleares: “Insularity and the indigenous world on the periphery of the system: the Balearic Islands between the 6<sup>th</sup> and the 1<sup>st</sup> c. B.C.”, p. 71-84).

proceso polos romanos senón tamén o da poboación local. Posiblemente, a emulación, desde as elites, sería unha das vías, pero non a única nin, necesariamente, a principal. Os novos habitantes, de forma decidida ou involuntaria, incidirían de forma clara sobre os modos de vida tradicionais. E habería tamén certa planificación por parte de Roma. Os protagonistas, pois, serían varios: os romanos, as elites e o resto da poboación; non hai razón ningunha para privilexiar un deles. Todos asumirían o seu papel, relevante, chegado o momento e todos serían imprescindibles no proceso. Non se trataría, pois, dun proceso unidireccional, do civilizador –e superior– sobre a comunidade ocupada. Pola contra, estaríamos ante un proceso recíproco e complexo de adaptación, cuxo resultado sería distinto en cada área ocupada e en cada tempo.

Tampouco parece xa adecuado entender as permanencias da cultura indíxena en clave de resistencia, senón, como froito da interrelación de influencias das que frutifica unha nova cultura, híbrida ou mixta. Máis que de enfrontamentos culturais, habería que falar de encontros; máis que de supresión de tradicións, cultos ou crenzas, de suma dos mesmos.

Por último, á hora de estudar estes procesos corremos o risco de abusar de determinados conceptos, que a forza de ser empregados de maneira reiterada acaban perdendo o seu valor ou mesmo considerados un obstáculo (como no caso de romanización). Considero que máis que as palabras, o relevante é o significado que lles outorgamos. A partir do pensamento poscolonial podemos interpretar o imperialismo romano en clave de aculturación, asimilación, integración, adaptación, encontro, hibridismo, etc.<sup>53</sup>

---

53 Á marxe do termo escollido (eu inclínome polo de adaptación), ¿como poderemos tentar explicar a convivencia no espazo e no tempo de diversas realidades culturais, que, pola súa vez, se van mesturando e producen outras novas realidades? Neste proceso consistiría para nós a romanización. A. Suárez Piñeiro. *A romanización en Galicia*, Santiago de Compostela, 2009, p. 109-111.